

MARTES, 22 DE FEBREIRO DE 2011

ÓSCAR DACOSTA

O XOVES CELEBRASE O ANIVERSARIO DA ESCRITORA

# A AELG pedirá o uso público do Panteón no Día de Rosalía

Sete localidades acollerán homenaxes nos que se pedirá que o calendario de Educación inclúa a xornada como día lectivo en lembranza a poeta

ALBERTO RAMOS

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrará este xoves o Día Rosalía, unha xornada festiva e reivindicativa na que se celebrará o aniversario da autora de *Cantares Gallegos*. Con motivo desta efeméride, a Asociación de Escritores organiza lecturas simultáneas en sete cidades e vilas galegas para lembrar a Rosalía de Castro. En cada un destes actos literarios lerase un manifesto común con dúas reivindicacións ben claras. A primeira delas é reclamar que o Panteón dos Galegos Ilustres –cuxa propiedade é, tras unha sentenza xudicial do pasado ano, do Arcebispado de Santiago– sexa unha entidade laica e de uso público. A segunda demanda é que o 24 de febreiro –día no que naceu Rosalía– se inclúa no calendario lectivo oficial dos centros educativos como unha xornada dedicada á autora de *Follas Novas* con actividades ao redor da súa figura.

A Asociación de Escritores –que celebra por segundo ano consecutivo o Día de Rosalía– busca con este acto converter o 24 de febreiro nun día con significado e reconocemento. “Queremos institucionalizar o Día de Rosalía e faremos público, nun manifesto, cal é a situación da cultura no momento actual”, explica Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores.

Nese manifesto, que se lerá nas sete localidades no que se celebre simultaneamente o Día de Rosalía, recóllese a demanda para garantir o uso público do Panteón de Galegos Ilustres. “Neste texto demandamos a propiedade pública

do Panteón, tal e como fixemos xa o ano pasado cando celebramos o aniversario do traslado dos restos de Rosalía de Padrón a Santiago”, explica o poeta Cesáreo Sánchez, quen estará no acto de Santiago –que se celebrará no Panteón– e onde terá lugar, despois da lectura do manifesto, unha ofrenda floral ante a tumba de escritora.

## EXPROPIACIÓN

Sobre a situación actual do Panteón de Galegos Ilustres, Cesáreo Sánchez fala das posibles soluciones para garantir un Panteón laico e público. “Eu creo a título persoal, aínda que isto non está recollido no manifesto que se lerá o xoves, que a figura que se debería aplicar neste caso é a expropiación do edificio ou do seu uso a un prezo simbólico. Esa é a proposta que eu fago, é unha idea que poño enriba da mesa”, explica Cesáreo Sánchez, que ten unha longa traxectoria profesional no ámbito do patrimonio.

Por outra banda, o manifesto da AELG recolle outra demanda sobre a celebración do Día de Rosalía no ensino. “Ao mesmo tempo reivindicamos, xunto CIG-Ensino, que o Día de Rosalía se inclúa como día lectivo dentro do calendario escolar. Dese xeito, incluiríanse actividades relacionadas coa figura de Rosalía” sinala Cesáreo Sánchez, cuxa intención é transmitirlle a Consellería de Educación esta demanda.

## LECTURAS PÚBLICAS

O Día de Rosalía celebrarase o próximo xoves na Coruña, Vigo, Santiago, Betanzos, Lugo, Ourense e Ferrol. No caso da capital galega, o acto terá lugar no propio Panteón de Galegos Ilustres ás 19.00 horas. Na Coruña, a cita será a mesma hora no Kiosco Alfonso. Ferrol tamén iniciará ás 19.00 horas as lecturas públicas na Galería Sargadelos. O Museo Provincial de Lugo, a homenaxe dará comezo ás 19.30 horas. A Casa Galega da Cultura de Vigo acollerá o acto rosaliano a partir das 20.00 horas. A esa mesma hora comenzará a ceremonia no Edificio do Liceo de Betanzos. Ourense, pola



Celebración da AELG do traslado dos restos de Rosalía o ano pasado

## A PROPOSTA DO CONSELLO DA CULTURA

A semana pasada, o Consello da Cultura Galega (CCG), o Museo do Pobo Galego e as fundacións Rosalía de Castro, Castelao e Alfredo Brañas entregaron unha proposta de lei para configurar o Panteón de Galicia. No documento, recollíase a creación dun organismo de derecho público adscrito ao Parlamento. O obxectivo desta iniciativa é crear un marco xurídico e legal para o Panteón de Galicia. “Toda iniciativa que sirva para crear un organismo que dea un marco xurídico é ben recibida”, sinala Cesáreo Sánchez, que matiza que esas iniciativas teñen que facer

referencia “ao Panteón actual”. Neste sentido, Sánchez apunta que o Panteón de Galegos Ilustres “ten a lexitimidade histórica e do pobo”. Ademais, o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) subliña que na actualidade o gran problema do Panteón é a súa situación xurídica e a súa situación con respecto á Igrexa. “Hai que resolver ese problema actual e atopar unha solución que consolidar”, sinala Cesáreo Sánchez, quen a título persoal pon “enriba da mesa a expropiación a un prezo simbólico” do Panteón como unha posible solución.

súa banda, será a cidade que inicie antes as celebracións. Na libraría Torga comezarán as lecturas públicas cara ás seis da tarde.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega ainda está a pechar o programa e podería ser que nos próximos días se inclúan novas convocatorias noutras localidades. En

calquera caso, a estrutura será a mesma en todas. Faranse lecturas dos textos rosalianos –nas cales todos os cidadáns están convidados a participar– e lerase o mesmo manifesto reclamando un Panteón de Galegos Ilustres laico e a conmemoración do Día de Rosalía nos centros de educación do país. ■